

A BELEZA E A DOR

Laura Poitras, 2022

1078

ESTREA EN NUMAX: 10.03.2023 | V.O.S.E. | +16 | 122 min

A beleza e a dor é unha historia épica, emotiva e interconectada sobre a artista e activista de fama internacional Nan Goldin contada a través das súas diapositivas, entrevistas íntimas, fotografía pioneira e secuencias inéditas da súa loita persoal para responsabilizar a familia Sackler da crise dos opioides.

«Unha obra devastadora de impresionante intelixencia e aínda maior poder emocional»

Sophie Monks Kaufman, INDIEWIRE



Entrevista con Laura Poitras: «Impresionoume moito o que facía Nan Goldin, pero tamén que funcionase»

Por Katie Kilkenny

Como comezou este proxecto para ti e que che interesou inicialmente para contar esta historia? Este proxecto comezou, a verdade, con Nan. Nan comezou o filme, empezou a documentar as accións do P.A.I.N. (Prescription Addiction Intervention Now), do que facía o grupo desde dentro. Para min comezou un ano e medio despois das súas accións: estivera lendo sobre o que fixeran, vira a fotografía do Met, estaba moi emocionada. E coñecémonos por casualidade e díxome que estaba facendo o filme. A min encantoume que estivese documentando todo porque a documentalista en min sempre quere ver o que pasa e díxome que estaba buscando algúns produtores que se unisen, e así foi como me metín. Ao comezou preguntoume por Howard Gertler, que traballara en *How to survive a plague* (2012), porque nos coñecíamos desde había tempo. Recomendeillo encarecidamente e a partir de aí acabei dentro.

Como acabaches pasando de produtora a directora? Basicamente ela díxome que estaba buscando produtores, eu recomendeille a Howard, e logo achegueime e dixen: “Estades buscando tamén un director?”. E Nan dixo que si. Así que estaba entusiasmada, en certo modo, porque o describo como se estivese obsesionada. Estaba un pouco obsesionada co que estaba facendo P.A.I.N. Pensei que era increíble que Nan estivese usando o seu poder no mundo da arte para facer presión e eliminar o nome de Sackler. Pouca xente na súa posición fai iso. Impresionoume moito o que facía, pero tamén que funcionase.

Nos últimos anos houbo varios proxectos sobre a crise dos opiáceos e do papel da familia Sackler, como o libro *Empire of Pain* de Patrick Radden Keefe ou *Dopesick* de Beth Macy e a súa adaptación en Hulu. Que che fixo sentir que podía aportar de novo ou diferente un retrato de Nan Goldin? Si, coñezo todos os traballos que citaches e sinto moito respecto por eles. Quero dicir, *Dopesick* está moi ben e é á vez un exemplo de como cando se traballa con guión, chégase a sitios aos que non adoita chegar un documentalista, como o interior da sala de xuntas da familia Sackler. Iso nunca vai estar aberto para min como documentarista. E tamén é bo que ese traballo estea aí, porque nos quita un pouco a obriga de ter que contar a historia no noso filme, de tal xeito que podemos (e debemos) centrarnos no que é único: P.A.I.N., a organización de Nan. Falar do traballo interno dun grupo activista, de como un grupo de acción directa pensa as accións e as leva a cabo e o que pasa entre bastidores. Iso pareceume realmente único. E logo, obviamente, a increíble carreira de Nan como artista e como activista antes deste activismo contemporáneo, o traballo que fixera durante a crise do SIDA e establecer paralelismos entre todo isto.

O teu filme relata como Nan Goldin, polo menos un dos membros do P.A.I.N. e Patrick Radden Keefe foron supostamente vixiados mentres traballaban en proxectos relacionados cos Sackler. Notaches algún tipo de vixilancia ou tiveches algún tipo de ameaza legal? Persoalmente non sentín que me vixiaran os Sacklers co filme, pero si que vin o material e as probas que evidencian a vixilancia de Patrick Radden Keefe e Nan e membros do P.A.I.N. E sobre as ameazas legais, no filme vese que Patrick recibía moitas, algunhas delas semanais. Nós non lle demos moita publicidade ao filme, intentamos pasar desapercibidos porque non queríamos incitar as ameazas, igual por iso non as recibimos.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Nan Goldin,
Costa Guido.
Phaidon, 2013